

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2026

Na Sala de Comisións do Pazo Provincial, sendo as nove horas do día trece de febreiro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Jesús Vázquez Almuíña, deputado delegado das áreas de Turismo, Transparencia e Administración Xeral
- María Ramallo Vázquez, deputada delegada da área de Cooperación Local
- Javier Tourís Romero, deputado delegado das áreas de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica Areeiro
- Montserrat Otero Oitavén, coordinadora de Réxime Interno
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Roberto Crespo Barreiro, Alicia Lago Álvarez, Jean Pierre Esteban Borragán, Paula Rial Pérez e Ángela Comesaña Martínez
- Sindicato UGT: Natalia Fraguas Fernández, Ana Neves Gómez e Juan Loureiro Taibo
- Sindicato CIG: Adrián Blanco Cortegoso
- Sindicato CSIF: Remedios Pérez González

O deputado delegado, Jesús Vázquez, dá paso ó primeiro punto da orde do día, propoñéndolle á xefa do Servizo de RRHH e Formación que explique brevemente.

1º.- Oferta de emprego público para o ano 2026.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, informa que se entregou á representación sindical a proposta da Administración da oferta de Emprego público para o ano 2026.

Dita proposta recolle nun primeiro cadro todas as prazas de persoal funcionario que se atopan ocupadas por funcionarios interinos nomeados os dous últimos anos, en cumprimento da obriga recollida nas resolucións de nomeamento que esixen ofertalas no ano no que se produce o nomeamento ou no seguinte. Estas prazas suman un total de 42. Así mesmo inclúense nun segundo cadro un total de 25 prazas que están vacantes e que son necesarias para o funcionamento dos servizos; polo que para o acceso libre contabilízase un total de 67 prazas.

Este ano cámbiase o criterio seguido na aprobación de ofertas anteriores, que se condicionaban ao disposto na LPXE respecto á taxa de reposición de efectivos. O motivo deste cambio reside nun informe da avogacía do Estado no que se pon de manifesto que as normas introducidas nas diferentes Leis de Presupostos teñen carácter eventual e vixencia anual, polo que unha vez esgotado o termo expresamente establecido polo lexislador, haberían decaído e terían que aplicarse as normas substantivas que regulan esta materia, sen ter en conta as limitacións ou restricións contidas na Lei de Presupostos.



Así mesmo, na OEP do ano 2026 inclúense un total de 25 prazas reservadas á quenda de promoción interna, unhas previstas no orzamento provincial para a reclasificación do persoal, outras ocupadas en comisión de servizos e outras que están vacantes.

Da oferta deberá reservarse o 7% para persoas con discapacidade, o que supón un total de 4 no acceso libre e 1 na quenda de promoción, as cales están pendentes de determinar.

O delegado sindical de CCOO, agradece a rapidez en elaborar o documento e valora o esforzo realizado. Están de acordo coa proposta pero gustaríalles aclarar certas cuestións. Preguntas cales son as prazas reservadas a discapacidade.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que a reserva é do 7% e habería que determinar cales son as prazas, pois de momento soamente está marcada unha.

O delegado sindical de CCOO, propón que se reserve a persoas con discapacidade a praza de oficial/a de montaxe.

A delegada sindical de UGT, advirte que é un posto con bastante responsabilidade.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, informa que o terán que revisar co Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

O delegado sindical de CCOO, pregunta pola praza de oficial/a de servizos xerais que está vacante e propón que se aumente unha praza por quenda libre, sen discapacidade. Así mesmo, solicita que a praza de oficial/a mecánico/a se reserve a promoción interna, pois coñecen a persoal que está interesado en ocupala.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, comenta que terán que revisar a proporción entre promoción interna e quenda libre.

O delegado sindical de CCOO, fai constar en relación á praza de oficial/a de cociña (C2-18), que xa hai un axudante que fai esas labores. En canto ás prazas de técnico/a de administración xeral, do subgrupo A1, propón que tres prazas se reserven por quenda libre e unha por promoción interna.

En canto ós oficiais de infraestruturas, considera que deben ir nesta oferta as prazas reservadas a promoción interna para a reclasificación do grupo E, dado que o persoal xa cumpre cos requisitos.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que non están incluídas na oferta, porque non están creadas, polo que poderíase contemplar a súa creación na modificación do cadro de persoal e RPTs que se propón no punto seguinte.

O secretario xeral provincial de Servizos Públicos de UGT, Juan Loureiro, alégrese de que se teña en conta o informe da Avogacía do Estado. En canto á oferta de emprego público, piden que primeiro as prazas se reserven para mobilidade interna, despois para promoción interna e en último caso para quenda libre. Botan de menos as prazas do grupo B.



A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que xa se ofertaron todas as prazas do grupo B e na seguinte convocatoria de marzo vanse a incluír.

O secretario xeral provincial de Servizos Públicos de UGT, Juan Loureiro, advirte que a oferta debe executarse en tres anos. Por outro lado, entenden que as persoas con discapacidade psíquica non deben estar de cara ó público, pois a imaxe da Deputación cara fóra ten que ser outra, polo ben da Institución.

O delegado sindical da CIG, manifesta que a oferta parécelles correcta. Considera que aínda que en promoción interna saen bastantes prazas, poderían ser máis.

Propón reunir ós sindicatos con Recursos Humanos para valorar que prazas se poderían reservar a discapacidade física e psíquica e ver os postos susceptibles de segunda actividade.

Fai constar que a CIG vota a favor da oferta de emprego público de promoción interna e libre.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, informa que valorarán as propostas das organizacións sindicais pero sempre sendo estudadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

A delegada sindical de CSIF, súmase ás aportacións dos compañeiros.

Cos votos a favor das catro organizacións sindicais, apróbase por unanimidade a oferta de emprego público para o ano 2026.

2º.- Modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario e eventual.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, fai constar que previamente á reunión enviouse ás seccións sindicais a proposta do deputado delegado, a cal expón a continuación:

1. Modificación do cadro de persoal e a RPT do Centro Príncipe Felipe

En data 20/01/2026 quedou vacante unha praza e posto de traballo de oficial/a xardineiro con motivo da xubilación do titular, polo que o centro Príncipe Felipe propón a súa amortización para crear con cargo a esta, unha praza e posto de traballo de oficial/a albanel.

Por tal motivo, procede modificar o cadro de persoal e a RPT de persoal funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe, co fin de amortizar unha praza de oficial/ xardineiro, do subgrupo c2, con posto de traballo de igual denominación, dotado co nivel 17 de complemento de destino, e crear con cargo a esta amortización unha praza de oficial/a albanel, do mesmo subgrupo, asociado a un posto de traballo de igual denominación, nivel de CD e Específico.



Así mesmo, en compensación da amortización anterior, tendo en conta que quedou vacante unha das prazas do proceso selectivo de promoción interna de oficiais de servizos varios, do subgrupo C2, vinculada a un posto de traballo de igual denominación adscrito ao Centro Príncipe Felipe, propónse a súa transformación nunha praza e posto de traballo de oficial xardineiro, do mesmo subgrupo e idéntica retribución, co obxecto de completar o proceso de reclasificación do persoal do grupo inferior e adaptar á clasificación da praza ás funcións que se están a desenvolver.

2. Cambio de adscrición dun posto de traballo de condutor/a

En atención ás necesidades do servizo, procede cambiar a adscrición dun posto de traballo de oficial/a condutor/a, do subgrupo C2 que se atopa vacante en Secretaría Xeral, Unidade do Parque de Móbil, e integralo no Servizo de Cooperación, debido aos desprazamentos que debe realizar o persoal técnico para o control e seguimento da execución das obras subvencionadas.

3. Rectificación de erro no complemento de destino de dous postos de traballo

Advertido un erro no cadro da RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na transcripción dos niveis de complemento de destino en dous postos de traballo, de nova creación no grupo B; procede a súa rectificación, no senso que onde di. "Técnico/a operacións topográficas, nivel 23", e "xefatura de negociado delineación e topografía, nivel 22"; debe dicir: "técnico/a operacións topográficas, nivel 22", e "xefatura de negociado delineación e topografía nivel 23".

4. Cambio denominación dunha praza destinada á Estación Fitopatolóxica de Areeiro

Tras quedar vacante unha praza de Biólogo/a, do subgrupo A1, pola xubilación da persoa titular, propónse a súa transformación nunha praza de técnico/a superior fitopatólogo, coa finalidade de non limitar o acceso a esta titulación e permitir outras que correspondan a esta rama de actividade.

5. Asignación da dedicación ao posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur

No orzamento provincial do ano 2026 creouse unha praza de enxeñeiro/a de camiños para a reclasificación do persoal do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación da zona Sur, dotado co nivel 26 de complemento de destino e sen o factor dedicación dentro do complemento específico, cando o posto de traballo de nivel inferior tiña recoñecido o factor dedicación; por tal motivo procede asignar ao novo posto de traballo, do subgrupo A1, a dedicación dentro do complemento específico e suprimilo no posto do subgrupo inferior, manténdose as mesmas retribucións en todas as xefaturas de sección que se dedican as labores de Conservación e Explotación.

6. Cambio do nivel nun posto de traballo do Servizo de Medio ambiente



Ao quedar vacante en data 05/02/2026 o posto de traballo de xefatura de negociado de medio ambiente, nivel 22, con motivo da xubilación do titular, procédese a súa transformación nun posto de traballo de administrativo/a, con nivel 20 de complemento de destino, ante a posibilidade de que se cubra proximamente con persoal interino.

7. Cambio de redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á provisión de postos de traballo

Co propósito de aclarar a redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á forma de provisión dos postos de traballo, substitúese a redacción inicial pola seguinte: *As convocatorias por concurso ou libre designación efectuaranse con carácter interno. A Corporación resérvase o dereito de poder abrilas a outro colectivo de funcionarios/as naqueles postos que figuren cun asterisco (*)*.

8. Modificación da RPT de persoal eventual

Dada a actividade que se lle atribúe ao posto de traballo de persoal eventual de xefatura de prensa da Vicepresidencia, procede incrementar a actual dotación económica nun total de 3.600 €, pasando de 48.467,17 €/ano a 52.067,17 €/ano, debido a súa dispoñibilidade e tempo de dedicación efectiva, que supera o previsto para a xornada laboral ordinaria, a asunción de maiores responsabilidades para o seguimento de expedientes que dependen desta área, a organización e coordinación das relacións institucionais, preparación e asistencia a reunións etc., actividades que aumentaron considerablemente nos últimos meses e se estima que continúen ao longo do ano.

O delegado sindical de CCOO, considera que deberíase estudar con detalle o cadro de persoal.

En canto á modificación da RPT de persoal eventual, considera positivo coñecer esas melloras salariais aínda que non é da súa competencia.

Propón establecer datas e empezar a traballar no que realmente lles preocupa.

O secretario xeral provincial de Servizos Públicos de UGT, Juan Loureiro, en relación á modificación do cadro de persoal e a RPT do Centro Príncipe Felipe, sinala que non están de acordo coas amortizacións pero enténdeno.

En canto ó cambio do nivel nun posto de traballo do Servizo de Medio ambiente, non lles parece de recibo baixar o nivel do 22 ó 20.

En canto á forma de provisión de postos de traballo, considera que se deberían firmar convenios de mobilidade con outras Administracións, de forma que sexa recíproca a mobilidade e o persoal da Deputación teña máis posibilidades. Piden que os postos de libre designación se cubran primeiro con traballadores da Deputación que cumpren cos requisitos e logo se acuda á xente de fóra.

Considera moi inxusto que ás prazas de provisión por concurso da Deputación se poida presentar xente de fóra e o persoal da Deputación non poida optar a prazas doutras Administracións.



En canto á modificación da RPT de persoal eventual, sorpréndelles o incremento salarial desta persoa, que é dun 7%. Parécelles excesivo cando hai outras prazas que non están ben retribuídas. Sinala que hai persoas con máis responsabilidade que cobran menos. Pide que se busque outra maneira de subirlle as retribucións.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, sinala que lle parece razoable a proposta do secretario xeral provincial de Servizos Públicos de UGT de abrir o concurso a outras Administracións cando exista reciprocidade e de limitar a apertura tan so aos casos de provisión por libre designación. Por outro lado, informa que non é materia obxecto de negociación as retribucións do persoal eventual.

O delegado sindical da CIG, insiste en facer unha valoración de toda a RPT. Así mesmo, adhírense á proposta de UGT en que se abra a provisión de postos de forma recíproca a outras Administracións.

Tras aceptar a petición de UGT relativa á provisión de postos por concurso, apróbase por unanimidade a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario e eventual.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as nove horas corenta e cinco minutos, do que como secretaria dou fe.

